

UD. 3 - A ACTIVIDADE ECONÓMICA. O SECTOR PRIMARIO.

1. A ACTIVIDADE ECONÓMICA:

A actividade económica é o conxunto de tarefas realizadas polas persoas para obter bens cos que satisfacer as súas necesidades. Estes bens poden ser materiais, coma alimentos, manufacturas ou automóbiles; ou inmateriais, é dicir, servizos, como a educación ou a sanidade.

1.2. COMPOÑENTES DA ACTIVIDADE ECONÓMICA.

A actividade económica inclúe tres compoñentes:

- A **producción**: é o conxunto de bens proporcionados pola actividade económica.
- A **distribución**: consiste no traslado da produción ao consumidor e a súa venda no mercado ou no lugar de encontró entre produtores e consumidores.
- O **consumo**: é a utilización dos bens proporcionados pola produción.

1.3. SECTORES DA ACTIVIDADE ECONÓMICA.

A actividade económica inclúe unha gran cantidade de actividades, de aí que adoiten agruparse en tres sectores económicos. Os sectores económicos son conxuntos de actividades que teñen certos trazos en común.

- O **sector primario** inclúe actividades adicadas a extraer os recursos naturais destinados á produción, á distribución ou ao consumo. Son a agricultura, a gandería, a explotación forestal e a pesca.
- O **sector secundario** incúe as actividades adicadas a transformar os recursos naturais proporcionados polo sector primario. É o caso da industria e a construción.
- O sector terciario comprende as actividades que proporcionan servizos. Entre elas o transporte, o turismo, o comercio, o ensino, a sanidade...

1.4. OS AXENTES ECONÓMICOS E AS SÚAS RELACIÓNS.

Os axentes económicos son os suxeitos encargados de levar a cabo a actividade económica. Estes suxeitos son as empresas, as familias e o Estado. Relaciónanse entre si constituíndo un circuito económico no que intercambian traballo, bens e servizos a cambio de pagamentos.

- As **empresas** son as unidades básicas de produción de bens económicos. A súa función é producir, distribuir e vender ben saos consumidores. O seu obxectivo é a **obtención de beneficios económicos**. Os tipos de empresa son moi variados. Adoitanse agrupar segundo:

O **tamaño**: **pequenas** (empregan ata 50 traballadores), **medianas** (ata 250 traballadores) ou grandes (máis de 250 traballadores).

A **titularidade do capital**: **públicas** (a xestión é do Estado), **privadas** (en mans de particulares) e **mixtas** (de capital público e privado).

A **organización social**: **sociedades anónimas** (S.A), nas que o capital divídese en accións; **sociedades limitadas** (S.L), nas que o capital é achegado por un número limitado de persoas; e **cooperativas**, xestionadas de maneira colectiva polos socios que aportan o capital.

No **circuíto económico**, as empresas venden os bens que producen ás familias e ao Estado. A cambio reciben ingresos, cos que pagan salarios ás familias polo seu traballo e imposto ao Estado.

- As **familias** son as unidades básicas de consumo. A súa función é gastar na adquisición de bens para satisfacer as súas demandas. No **circuíto económico** “venden” o seu traballo ás empresas privadas ou públicas (Estado) co salario compren bens e pagan os impostos.
- O **Estado** é, dende un punto de vista económico, unha unidade de produción e de consumo. As súas funcións son producir bens materiais e servizos públicos necesarios para a sociedade, e consumir bens e servizos das empresas privadas. O obxectivo do Estado é o benestar social.

No **circuíto económico**, o Estado proporciona ás empresas e ás familias bens e servizos (infraestruturas, axudas, subvencións, pensións, seguros de enfermidade e paro, etc); contrata traballadores públicos e cobra impostos.

1.5. FACTORES DE PRODUCCIÓN: RECURSOS, CAPITAL E TECNOLOXÍA.

Para levar a cabo a súa actividade, as empresas utilizan catro recursos básicos, coñecidos como factores de produción:

- Os **recursos naturais**: son os elementos proporcionados pola natureza que teñen utilidade económica. Entre eles atópanse a auga, o solo, a vexetación, os animais, os minerais e as fontes de enerxía. O aproveitamento destes recursos orixina actividades económicas básicas: agricultura, explotación forestas, gandería, minería, pesca e produción enerxética e industrial.

Os principais problemas destes recursos son a **sobreexplotación**, que conleva o seu **esgotamento**; así coma **conflitos internacionais** (a medida que se escaseen os produtos, estes recursos poden ocasionar conflitos. Por exemplo co petróleo).

- O **capital**: é o conxunto de elementos non naturais necesarios para producir. Inclúe o capital **físico** ou elementos materiais (instalacións ou maquinaria) , o capital **financiero** (diñeiro e

créditos) e o capital **humano** (capacidade produtiva das persoas, que dependen entre outras cousas da súa formación e experiencia).

- A **tecnoloxía** é o conxunto de coñecementos, métodos e procedementos empregados no proceso produtivo. Pode ser **manual** ou **mecanizada**.
- O **traballo** é o esforzo físico ou intelectual realizado polas persoas para a produción de bens materiais e servizos. É un factor esencial xa que permite ás empresas producir bens e ás familias cobrar salarios.

En relación co traballo a poboación divídese en **activa** (con traballo remunerado) ou **inactiva** (pensionistas, rendistas, estudantes...). A **taxa de actividade** é a porcentaxe de poboación activa en relación co total de persoas en idade de traballar.

2. O SECTOR PRIMARIO:

O sector primario comprende as actividades económicas adicadas a obter recursos directamente da natureza: agricultura, gandería, pesca e explotación forestal.

2.1. AS ACTIVIDADES AGRARIAS.

- Non é o mesmo o espazo agrario que o espazo rural:
O **espazo agrario** inclúe só o territorio onde se practican as actividades agrarias.
O **espazo rural** inclúe todo o espazo “non urbano”.
- As actividades agrarias inclúen:
A **agricultura**: actividade que consiste no cultivo da terra para obter vexetais.
A **gandería**: actividade que consiste na cría de animais.
A **explotación forestal** actividade que consiste no aproveitamento dos bosques. Proporciona alimentos (froitos) ou materias para a industria (madeira, papel).
- A **poboación agraria**: as actividades agrarias ocupaban no 2019 ao 27% da poboación mundial. Existen grandes diferencias entre países segundo o seu desenvolvemento económico e formación da poboación.
 - Nos países de **baixo desenvolvementos** adoitan empregar a máis do 50% da poboación.
 - Nos países de **alto desenvolvemento**, as actividades agrarias son minoritarias e ocupan xeralmente a menos do 10% da poboación.

- As actividades agrarias teñen unha gran dependencia da natureza por iso están moi condicionadas por factores naturais. Os **factores condicionantes** da actividade agraria son:
 - O clima: cada planta medra mellor nunhas condicións determinadas (máis ou menos calor, maior ou menos humidade...)
 - O relevo: xeralmente cultívase mellor nas chairas e fondos dos vales.
 - O solo: as características físicas e químicas do solo determina os cultivos. Os solos con capas profundas adoitan ser máis fértiles que os de capas delgadas. A textura tamén determina a maior ou menos capacidade para reter auga.
 - A vexetación: condiciona en parte a explotación forestal e a gandería.

2.2. A AGRICULTURA.

A agricultura é unha actividade que consiste **no cultivo de produtos** destinados á alimentación humana ou animal e a proporcionar materias primas para a industria.

• AGRICULTURA TRADICIONAL:

É o tipo de agricultura máis extendido nos países subdesenvolvidos pois debido á pobreza se desenvolve unha **agricultura de subsistencia**. Ten como **obxectivo fundamental obter alimentos para o consumo das familias campesiñas**, non está orientada cara ao mercado. Como moito, pódese comercializar en mercados locais.

Pódese localizar en países desenvolvidos tamén para o autoconsumo.

- **Practícase en pequenas explotacións.**
- **Cultívanse varios produtos á vez** (policultivo) dos que se vai facendo a colleita en función do tempo de maduración de cada planta.
- **Os labores agrícolas están pouco mecanizados** e realízanse con moito esforzo físico.
- **As técnicas e as ferramentas que se utilizan son arcaicas.**
- **Os rendementos son moi baixos.**
- **Localízase** na maioría dos países africanos e en parte de América Central e do Sur e do sudeste de Asia.
- Existen diferentes tipos de agricultura tradicional nos países subdesenvolvidos: **agricultura itinerante**, **agricultura sedentaria de secano** e **agricultura irrigada monzónica**.



- **A AGRICULTURA PRODUTIVISTA:**

É unha agricultura **de mercado**, orientada á venda.



- **A produción está especializada.** Normalmente cultívase un só produto en cada explotación, feito que simplifica o traballo e o uso de maquinaria.
- **Os labores agrícolas están mecanizados.** Permite reducir a man de obra e realizar as tarefas en menos tempo, con menos esforzo e cun custo menor.
- **Usa avanzadas técnicas agrícolas.** Empréganse fertilizantes, regadío, sementes de elevado rendemento, produtos que preveñen e curan as enfermidades das plantas, cultívanse en invernadoiros e en terreos artificiais (cultivos hidropónicos, en area...).
- Require **grandes investimentos** pero os custos vense compensados co **aumento dos rendementos**, xa que permite producir máis cantidade a menor prezo.
- Frecuentemente os agricultores e gandeiros reciben **apoio e subvencións** dos seus gobernos. Este feito prodúcese especialmente nos países da UE onde estes produtores melloran o seu nivel de vida grazas ás axudas que reciben a través do FEOGA.
- **Localízase** nos países da UE, América do Norte, Arxentina, Brasil, Australia e Nova Zelandia.
- Dentro da agricultura produtivista podemos diferenciar a **extensiva** (cultívanse grandes extensións de terreo) **ou intensiva** (cultívase de maneira intensiva en menos espazo).



2.3. A GANDERÍA.

É unha actividade que consiste na **cría de animais** para a obtención de alimentos e materias primas para a industria.

- **A GANDERÍA TRADICIONAL:**

- É unha gandería tradicional que consiste en obter produtos de orixe animal para o **autoconsumo**.
- Este tipo de gandería adoita ser un **complemento da agricultura**, porque os animais serven para traballar no campo e os seus excrementos aproveítanse como fertilizantes.
- Os campesiños teñen **pequenos rabaños de animais** que lle proporcionan leite, carne, la...
- O gando **aliméntase cos restos das colleitas ou pasta libremente nas parcelas non cultivadas** ou nas montañas próximas.
- Require o investimento de pouco capital, pero **os rendementos son escasos**.
- **Localízase** na maioría dos países africanos e en parte de América Central e do Sur e do sueste de Asia. Pódese localizar tamén en países desenvolvidos para autoconsumo.

- **A GANDERÍA PRODUTIVISTA:**

É unha **gandería comercial**, o seu obxectivo é vender a produción no mercado e obter o máximo beneficio.

- **Gandería extensiva.**

- Practícase en zonas que dispoñen de **grandes extensións para pastos**.
- **Necesita pouca man de obra**, porque os rabaños pastan libremente, pero **necesita grandes capitais** para comprar moitas cabezas de gando e ter boas estruturas comerciais.
- É típica do **oeste dos EEUU, a Pampa e Patagonia arxentina (gando bovino), Australia e República de Sudáfrica (gando ovino)**.



- **Gandería intensiva.**




- Require un gran **investimento de capital** para concentrar os animais en **explotacións cada vez máis grandes e dotadas de medios técnicos, persoal especializado, coidados veterinarios, selección de razas, alimentación con pensos específicos e métodos como a estabulación**.
- A súa **produtividade é moi elevada**.
- As **especies máis significativas** desta modalidade con a **bovina e os animais de granxa: porcina, avícola...**
- Este tipo de gandería localízase sobre todo en **EEUU, Europa Occidental, Canadá e Nova Zelandia**.

*Hai que ter en conta que nas últimas décadas proliforou a **agricultura e gandería ecolóxica**: é respetuosa co medio ambiente e co benestar animal. Emprega métodos semi-extensivos, non alimenta ao gando con pensos, non utiliza estabulación permanente e limita ao mínimo a medicación e químicos.

2.4. A EXPLOTACIÓN FORESTAL.

Denominamos **silvicultura** ao conxunto de actividades que comprenden o coidado, cultivo e explotación económica dos bosques e montes.

Dos bosques obtéñense **multitude de produtos**. Entre eles podemos salientar: a **madeira** (emprégase como fonte de enerxía, na construción de vivendas, na fabricación de mobles e ferramentas...), a **celulosa** (utilízase para a fabricación de papel e tecidos de fibras naturais), a **cortiza** (utilízase para fabricar tapóns e taboleiros illantes), a **resina** (emprégase para fabricar vernices, pinturas e outros produtos químicos) o **caucho** (emprégase para a fabricación de pneumáticos) e **alimentos**: castañas, amorodos, cogomelos, trufas, piñóns...



Principais áreas boscosas.

Ademais os bosques cumpren unha importantísima **función ambiental**, xa que consumen CO₂ da atmosfera, colaborando así a mitigar o quecemento climático.

Dende 1950 a Terra perdeu case un terzo da súa superficie forestal. Entre as causas desta diminución están: a tala indiscriminada, os incendios e a chivis ácida.

2.5. A PESCA.

É a actividade destinada a obter recursos alimenticios das augas do mar, ríos e lagos. España é unha das primeiras potencias mundiais e a primeira da UE.

- En función da **distancia da costa** e a **duración**, distínguense a **pesca de baixura** (próxima ao litoral e diaria), **pesca de altura** (afastada da costa e de días ou semanas de duración) e de **gran altura** (mar afora e cunha duración de meses).

- Segundo o **nivel de desenvolvemento tecnolóxico das embarcacións: pesca artesanal** (utiliza barcos pequenos, tecnoloxía tradicional e escasa man de obra, polo que a produción é reducida e destínase ao mercado local) e a **pesca industrial** (utiliza barcos-factoría de gran tamaño, tecnoloxía moderna como sonar, radar avanzado, maquinaria de refrixeración e despece, etc; a produción é abundante e destínase á comercialización no mercado nacional ou mundial).



Os principais problemas da pesca son a **sobreexplotación**, a **contaminación mariña** e os **conflitos polo acceso a caladoiros doutros países**.



Non hai que esquecer que existe o **marisqueo**, unha actividade que consiste na captura de moluscos e crustáceos. Pode realizarse **a pé**: na costa rochosa (percebes) ou areosa (berberecho, ostra, vieira). Tamén pode realizarse **desde pequenas embarcacións en zonas de pouca profundidade (marisqueo “a flote”)**. Para os crustáceos (centola, nécora...) é típica a utilización de **nasas**.

A **acuicultura** é o cultivo de organismos que viven en medios acuáticos: peixes, moluscos, crustáceos e algas. Galicia é un dos líderes mundiais grazas ás condicións naturais das súas rías (temperatura e tranquilidade das augas, riqueza de plancto...). Podemos distinguir entre **bateas**, **“granxas” de peixes e moluscos** e **piscifactorías**.